

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua: Fundamentos gramaticais do galego e do español I				
Materia	Lingua: Fundamentos gramaticais do galego e do español I			
Código	V01G400V01101			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Sueiro Justel, Joaquín			
Profesorado	Sueiro Justel, Joaquín			
Correo-e	jsueiro@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Primeira materia do grao que estuda a gramática do galego e do español. Preséntase unha introdución aos fundamentos das gramáticas e á identificación das unidades e relacións gramaticais.			

Competencias	
Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B4	Mellora da capacidade de comunicación en español, galego e portugués en diferentes contextos profesionais, traballando as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas.
B5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
B9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
C1	Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
C2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
C5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
C8	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística.
C15	Coñecemento das repercusións lingüísticas e interculturais do contacto de linguas.
C20	Coñecemento teórico e práctico dos dicionarios do español/galego/portugués nos seus diferentes formatos.
D1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D5	Capacidade de xerar novas ideas.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Perfecto dominio instrumental das linguas española e galega.	A1 A2 A5	B4 B5 B7 B9	C1 C2 C5 C8 C15 C20	D2 D10 D11 D12
Coñecemento dos diferentes tipos de gramáticas das linguas galega e española.	A1 A2 A5	B1 B4 B5 B7 B9	C1 C2 C5 C8 C15 C20	D2 D5 D8 D10 D11 D12
Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüistica	A1 A2 A5	B1 B5 B7 B9	C1 C2 C5 C8 C15 C20	D2 D5 D8 D10 D11 D12
Capacidade de análise e comentario das ideas lingüísticas presentes nas gramáticas	A1 A2 A5	B1 B4 B5 B7 B9	C1 C2 C5 C8 C15 C20	D2 D5 D8 D10 D11 D12
Perfecto dominio dos criterios de identificación e análise das diferentes unidades lingüísticas e as súas relacións		B1 B7	C2 C5 C8	D1

Contidos

Tema	
I INTRODUCIÓN 1.1. A Gramática 1.2. A lingua	1.1.1. Concepto de Gramática 1.1.2. A Gramática fronte a outras disciplinas 1.1.3. Tipos de gramáticas 1.1.4. Principais textos gramaticais do galego e do español 1.1.5. Partes dunha Gramática: discusión, delimitación e caracterización 1.2.1.Concepto de lingua e as súas implicaións teóricas e aplicadas. 1.2.2. Lingua e enaccións 1.2.3. Comunicación e información: Introducción ó significado. 1.2.4. Gramática, norma e uso da lingua 1.2.5. A gramática circunstanciada
2. Funcións, categorías e relacións.	2.1. Definición, delimitación e caracterización. 2.2. Tipoloxía de funcións, categorías e relacións.
3. Introdución ó estudio das unidades sintácticas	3.1 Identificación de funcións, categorías e relacións en diferentes tipos de discurso 3.2 Presentación e práctica da análise sintáctica. 3.3. O estudo da frase e da cláusula 3.4. Introdución ao estudo da oración

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	40	60
Resolución de problemas	9	18	27
Traballo tutelado	10	20	30
Actividades introdutorias	1	0	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	8	12
Traballo	4	16	20

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Lección maxistral	Exposición dentro da aula dos conceptos gramaticais, presentación das gramáticas e dos métodos de análise gramatical máis significativos. O profesor explicará os contidos esenciais de cada un dos temas, aclarando os conceptos-clave da materia e orientando ao alumnado nas lecturas obrigatorias relacionadas con cada tema. É moi recomendable ter traballadas estas lecturas previamente. No caso do réxime semipresencial, o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual Faitic dos materiais necesarios para avanzar en cada unidade temática.
Resolución de problemas	Proposta e resolución na aula de exercicios e comentarios de textos relacionados cos diferentes apartados do programa. No caso do réxime semipresencial, o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual Faitic dos materiais necesarios para avanzar en cada unidade temática.
Traballo tutelado	Realización, na aula e fóra, de traballos relacionados con algún apartado do programa. Un deles será exposto diante dos compañeiros. No caso do réxime semipresencial, o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual Faitic dos materiais necesarios para avanzar. Sería moi desexable a defensa presencial do seu traballo.
Actividades introdutorias	Presentación da materia: programa, metodoloxía docente, contidos, sistemas de titoría e atención personalizada e sistema de avaliación, así como da bibliografía e lecturas obrigatorias e recomendadas. No caso do réxime semipresencial, cóntase coa pesenza na aula do alumnado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Tanto o alumnado presencial como o semipresencial recibirá indicacións metodolóxicos e bibliográficas para o estudo da materia.
Traballo tutelado	Tanto na aula como nas titorías ou a través do correo electrónico, o alumnado terá as instrucións e axudas para a realización dos traballos. Asemade, recibirá os exercicios corregidos e avaliados.
Probas	**Descrición**
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado poderá solucionar de xeito individualizado ás dúbidas que se lle plantexen na preparacióón do exame, tanto nas titorías presenciais como a través de correo electrónico.
Traballo	Nas titorías e a través de correo electrónico, cada alumno/a acordará o traballo que ten que realizar e presentará ás distintas fases de elaboración do mesmo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Resposta a problemas propostos ou realización de exercicios na aula. No caso do alumnado semipresencial, estes exercicios indicaranse e presentaranse a través da plataforma de teledocencia FaiTIC	5	A1 B1 C1 D1 A2 B4 C2 D2 A5 B5 C5 D5 B7 C8 D8 B9 C15 D10 C20 D11 D12
Traballo tutelado	Realización de pequenos traballos, comentarios de textos gramaticais. Tamén se inclúe neste apartado a participación activa na marcha da aula. Os traballos poden realizarse na aula ou fóra. No caso do alumnado semipresencial, estes traballos indicaranse e presentaranse a través da plataforma de teledocencia FaiTIC	5	A1 B1 C1 D1 A2 B4 C2 D2 A5 B5 C5 D5 B7 C8 D8 B9 C15 D10 C20 D11 D12
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado respostará a unha proba escrita que contará con cuestións teóricas e prácticas sobre o temario. Terase en conta, na súa avaliación, os contidos e a expresión escrita. O alumnado semipresencial realizará esta proba de xeito presencial ou telemático, empregando neste caso, a plataforma FAITIC e o campus remoto da Uvigo.	60	A1 B1 C1 D1 A2 B4 C2 D2 A5 B5 C5 D5 B7 C8 D8 B9 C15 D10 C20 D11 D12
Traballo	O alumnado preparará, na aula e fóra, baixo a dirección do docente, un traballo sobre un tema relacionado con algún das epígrafes do programa e presentarao na aula, valorándose tanto o contido coma a expresión escrita e a presentación oral. No caso do alumnado semipresencial, avaliarase só o traballo escrito que se presentará no momento da proba escrita	30	A1 B1 C1 D1 A2 B4 C2 D2 A5 B5 C5 D5 B7 C8 D8 B9 C15 D10 C20 D11 D12

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na avaliación das tarefas do alumnado terase en conta os contidos así como a corrección formal e ortográfica nos escritos e a corrección oral e da linguaxe xestual nas presentacións. O exame correspondente á 1ª edición das actas terá lugar no día que sinale o calendario oficial da FFT. A presentación oral de traballos realizarase ao longo do curso. As datas dos exames son as mesmas tanto para alumnos presenciais como semipresenciais. Para este alumnado celebrarase unha titoría grupal presencial ou telemática ó mes, en data acordada e establecida pola coordinación do grao.Tódolos alumnos semipresenciais deberán asistir á sesión de presentación da materia e ás as titorías obrigatorias. A avaliación na 2ª edición das actas (xullo) realizarase a través dun exame na data oficial marcada pola Facultade. Nesa data, os/as alumnos/as presentarán tamen un traballo previamente acordado e dirixido polo docente, diferente do presentado no mes de decembro/xaneiro.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Academia Española de la Lengua, Real, **Nueva Gramática de la Lengua Española: manual**, 2010,

Manuel Casado, **El Castellano actual : usos y normas**, 2012,

Martínez, José A., **Funciones, categorías y transposición**, 1994,

Alarcos Llorach, Emilio, **Gramática de la lengua española**, 1999,

Rojo Sánchez, G. Jiménez Juliá, T., **Fundamentos del análisis sintáctico funcional**, 1989,

Álvarez Blanco, Rosario, **Gramática da lingua galega**, 2002,

Carme Hermida Gulías, **Gramática práctica (morfosintaxe)**, 2004,

Xosé Feixó Cid, **Gramática da lingua galega: síntese práctica**, 2004,

De Santiago Guervós, J., **Estrategias para el análisis sintáctico**, 2013,

Bosque, Ignacio, **Fundamentos de sintaxis formal**, 2009,

Rodríguez Espiñeira, M.J., **Lecciones de sintaxis española**, 2004,

Bernárdez, Enrique, **¿Qué son las lenguas?**, 2004,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua: Fundamentos gramaticais do galego e do español II/V01G400V01202

Outros comentarios

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto

Plan de Continxencias

Descrición

En caso de atoparnos en circunstancias excepcionais que obriguen ao peche da Universidade ou ben no caso de docencia híbrida (presencial e a distancia), a guía docente, é decir, as metodoloxías, contidos, avaliación e titorías mantéñense coa salvedade de que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e Faitic).